

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2017/CP/202, PARA UN COLABORADOR NAS TAREFAS DO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO ADMINISTRATIVO), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 30 DE OUTUBRO DE 2017

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2017/CP/202, para un colaborador nas tarefas do Campus Industrial, publícase esta resolución:

Con data 30 de outubro de 2017, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral de un técnico administrativo a tempo completo (Ref. 2017/CP/202), destinado a colaborar nas tarefas relativas á xestión do Campus Industrial o que inclúe o plan de marketing para a mellora do posicionamento do Campus Industrial e a relación co sector industrial / profesional.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 28 de novembro de 2017.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D^a Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, como presidenta
 - D. Ramón José Noguerol Gómez, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, como vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, como secretario.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou unha maior puntuación:

BARCIA PAREDES, TAMARA DNI 32697127M

O órgano de selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 4 de decembro de 2017 para presentar reclamacións contra esta resolución ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 28 de novembro de 2017

O secretario do Órgano de Selección

V.^o e pr.
A presidenta do Órgano de Selección

Asdo.: Ginés Nicolás Costa

Asdo.: Araceli Torres Miño